

INVENTARIO ILUSTRADO DE INSECTOS

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 48 páx. 16 €.

Inventario ilustrado de insectos (galego)

ISBN 978-84-15250-91-3. Fatoría K de Libros. Ciencias.

Inventario ilustrado de insectos (castelán)

ISBN 978-84-15250-90-6. Fatoría K de Libros. Ciencias.

Inventari il·lustrat dels insectes (catalán)

ISBN 978-84-15250-92-0. Fatoría K de Llibres. Ciéncies.

Inventário ilustrado de insetos (portugués)

ISBN 978-989-749-054-5. Fatoría K de Livros. Ciência.

Os insectos apareceron na Terra hai catrocentos millóns de anos. Moito antes de apareceren os dinosauros, xa había libélulas gigantes a voar polos ceos hai trescentos cincuenta millóns de anos...

“Inventario ilustrado de insectos” reúne 65 especies de insectos de procedencia europea e do resto do mundo: coleópteros, lepidópteros, dípteros, himenópteros, isópteros...

Só os artrópodos xa representan máis do 80% dos animais que habitan no planeta. Os científicos, que teñen catalogado un millón de tipos de insectos, calculan que a cifra real está entre os cinco e os dez millóns de especies. Con todo, son criaturas moi útiles, posto que colaboran na polinización das flores e son o sustento doutros animais.

As ilustracións deste libro son de estilo científico, representadas coa precisión dos naturalistas nos cadernos de campo de antano: perfís feitos con rotulador e con tinta chinesa, e acuarelas que favorecen o xogo de cores e as transparencias.

Un libro atractivo non só pola vistosa representación gráfica dos insectos, senón polos contidos técnicos -asequibles e informativos- sobre a súa anatomía, hábitat, alimentación, curiosidades relacionadas coa captación dos sentidos e das imaxes, ou o desenvolvemento fisiolóxico dos que experimentan a metamorfose.

www.FAKTORÍA **K** DE LIBROS
comunicacion@faktoriakdelibros.com



- **Temática:** catálogo de insectos que inclúe 65 especies de todo o mundo.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** ilustracións naturalistas coloreadas con acuarela; contén vocabulario ilustrado; cada lámina presenta ilustracións, nome común, nome científico e descrición; división por especies; outros títulos da colección: “Inventario ilustrado de animais”, “Inventario ilustrado de animais con cola”, “Inventario ilustrado dos mares”, “Inventario ilustrado das árbores”.

Virginie Aladjidi

Durante varios anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier. <http://virginiealadjidi.blogspot.com/>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica. <http://tchouk-tchouk.blogspot.com/>

